



Nota de prensa

O resultado reflicte as condicións alcanzadas no acordo de refinanciamento

EROSKI PECHA O PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO CUN BENEFICIO DE 85 M€

- **O beneficio operativo corrente, indicador da evolución do negocio, medra un 10% con respecto ao ano anterior e alcanza os 65 millóns de euros**
- **As súas vendas medran case un 2% no País Vasco, Navarra, Galicia e Baleares, zonas que xa contan cunha rede amplamente transformada ao modelo comercial "contigo"**
- **O grupo abriu 38 novas tendas e remodelou 116 supermercados, o que supuxo a creación de 208 postos de traballo**

Elorrio, 27 de setembro do 2019.- O grupo [EROSKI](#) pechou as contas do primeiro semestre deste exercicio, o 31 de xullo do 2019, cun resultado positivo de 85 millóns de euros.

No seu conxunto, o grupo EROSKI amosa unha cifra de negocio de 2.250 millóns de euros. Destaca o crecemento do 1,9% das vendas no País Vasco, Navarra, Galicia e Baleares, zonas que contan cunha rede amplamente transformada ao modelo comercial "contigo" e que dá mostra da boa acollida que ten entre as persoas consumidoras. O beneficio operativo corrente, indicador da evolución do negocio, alcanza un resultado de 65 millóns de euros no primeiro semestre, o que supón un crecemento do 10% sobre o mesmo período do ano anterior, impulsado polas melloras de eficiencia na cadea de valor, tanto nos procesos lóxicos coma no propio modelo comercial "contigo".

Durante a primeira parte do ano, EROSKI amortizou 68 millóns de euros de débeda financeira, o que supón unha redución de case 1.800 millóns de euros dende o 2010. Tras cumprir con todos os compromisos anteriores, EROSKI alcanzou un novo acordo financeiro suscrito polo 100% das entidades acreedoras, mostra do respaldo da banca ao proxecto e ao seu plan de negocio. O novo acordo, en vigor dende o pasado 31 de xullo do 2019, daralle cobertura financeira ao grupo ata o 2024.

"As contas reflicten a aplicación contable das condicións alcanzadas no acordo de refinanciamento coas entidades financeiras, así como o efecto da aplicación por

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



primeira vez da norma NIIF16 de arrendamentos", explicou o director Financeiro de EROSKI, José Ramón Anduaga.

O investimento ascendeu a 42,4 millóns de euros, entre propio e de franquizados e estivo destinado en boa medida á remodelación de 116 supermercados e á apertura de 38 novas tendas. Concretamente, 1 supermercado propio, 1 Cash and Carry, 32 establecementos franquizados e mais 2 tendas de calzado deportivo "Dooers" e 2 oficinas de viaxes. Froito destas aperturas e da transformación de tendas ao modelo "contigo", EROSKI creou 208 postos de traballo nos seis primeiros meses do exercicio.

O grupo conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes, titulares de tarxetas EROSKI Club, CAPRABO e FORUM SPORT. Durante o primeiro semestre do ano, EROSKI transferiu 127 millóns de euros a través de ofertas e promocións cada vez máis personalizadas.

Pola súa banda, a matriz cooperativa EROSKI S. COOP. pechou o primeiro semestre do exercicio cun beneficio de 93 millóns de euros.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial elévase a 1.651 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry; amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Ademais, conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas e traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)